

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 13/05/2019 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 18/2019 baixo a modalidade de suplemento de crédito 04/2019 con cargo ao remanente de tesourería para gastos de exercicios pechados, por importe de 64.745,07 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 16 de maio de 2019. O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1524

A FONSAGRADA

Anuncio

Padróns de auga, lixo e sumidoiros correspondentes ao segundobimestre do ano 2019

Visto os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 2º bimestre do ano 2019, a Xunta do Goberno Local do Concello da Fonsagrada, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2019,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 2º bimestre do ano 2019.

SEGUNDO.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

TERCEIRO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro.

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 22.05.2019 ao 22.07.2019, para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 21 de maio de 2019.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1473

FOZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FOZ PARA O EXERCICIO 2019

O Pleno do Concello, en data 15 de abril do 2019, prestoulle aprobación inicial ó Orzamento xeral e Bases de Execución do Concello de Foz.

O citado expediente permaneceu exposto ao público durante quince días hábiles nas dependencias da Intervención xeral do Concello, tras a publicación levada a cabo no BOP número 089, do mércores 17 de abril do 2019.

Durante o período de exposición pública non se rexistrou reclamación algunha contra o acordo de aprobación inicial do citado expediente polo que de conformidade co artigo 169.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, faise pública a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Foz para o exercicio 2019, e procédese á publicación do seu resume por capítulo e o cadro de persoal que se detalla a continuación:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSCORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.359.948,48
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-150.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.527.592,52
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.777.830,43
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	501.000,00
B) OPERACIÓNSECAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNSEFINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.016.371,43

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSCORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	3.035.121,00
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.467.847,46
3	GASTOS FINANCEIROS	6.450,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	419.720,58

5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	147.211,12
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	800,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	74370,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		7.151.520,16

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, faise público o cadro de persoal para o exercicio 2019.

CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE FOZ 2019

A) PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL			
1.1.- SECRETARIO	1	COMISIÓN DE SERVICIOS INTERINO	A1
1.2.- INTERVENTOR	1		A1
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
2.2.1.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	---	C1
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES			
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	4	---	C2
2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS			
2.4.1.- AXENTE NOTIFICADOR	1	---	E (AA.PP)
2.4.2.- AUXILIAR SERVIZOS MÚLTIPLES	1	1	E (AA.PP)
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1
3.1.2.- APARELLADOR	1	---	A2
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS			
3.2.1.- POLICÍA LOCAL			
3.2.1.1.- OFICIAL	1	---	C1
3.2.1.2.- POLICÍAS	8	---	C1
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS			
3.2.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C1
3.2.2.2.- OPERARIO LIMPEZA	1	INTERINO	E (AA.PP)
TOTAL	22	4	---

B) PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	OBSERVACIÓNS
1.DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA			
UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN, ARQUIVO			
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	
AUXILIAR SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---	
ARQUIVEIRO/A	1	INDEFINIDO	LABORAL INDEFINIDO
2.DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA			
UNIDADE RECADACIÓN			
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	INTERINO	LABORAL INDEFINIDO
3.DEPARTAMENTO DE OBRAS, LIMPEZA E SERVIZOS MÚLTIPLES			
UNIDADE DE OBRAS			
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	1	INDEFINIDO	LABORAL INDEFINIDO
CONDUTOR- OFICIAL 1ª	1	--	

OPERARIO OBRAS- OFICIAL 1ª	10	3 INTERINOS	
OPERARIO OBRAS- XEFE XARDINERÍA OFICIAL 1ª	1	---	
PEÓN XARDINERÍA	2	---	
UNIDADE DE LIMPEZA			
OPERARIO DE LIMPEZA- OFICIAL DE 1ª	2	INTERINO	
OPERARIO DE LIMPEZA- OFICIAL DE 2ª	5	1	
OPERARIO DE LIMPEZA PEÓN	7	4 INTERINOS	
PEÓN VARREDOR	2	2 INTERINOS	
LIMPADOR	6	5 INTERINOS	
AUXILIAR SERVIZOS MÚLTIPLES	3	---	
4.DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS			
TRABALLADOR SOCIAL	1	---	
EDUCADOR FAMILIAR	1	---	
AUXILIAR SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---	
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	2	---	
5.DEPARTAMENTO DE CULTURA, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL			
UNIDADE DE CULTURA			
TÉCNICO DE CULTURA	1	---	
DIPLOMADO EN TURISMO	1	---	
BIBLIOTECARIO MUNICIPAL	1	---	
UNIDADE DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL			
EDUCADOR SOCIAL	1	---	
UNIDADE DE COMUNICACIÓN			
ENCARGADO DE RADIO FOZ	1	---	
LOCUTOR DE RADIO FOZ	2	---	
UNIDADE DE MÚSICA			
DIRECTOR ESCOLA DE MUSICA	1	INTERINO	
UNIDADE DE UNED			
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	INDEFINIDO	LABORAL INDEFINIDO
UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL			
AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	INDEFINIDO	LABORAL INDEFINIDO
ORIENTADOR LABORAL	1	INDEFINIDO	LABORAL INDEFINIDO
TOTAL	60	18	
UNIDADE SERVIZOS MÚLTIPLES			

Foz, a 21 DE MAIO DE 2019.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira

R. 1474

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de 21 de maio de 2019 aprobáronse as bases para a selección un socorrista para as piscinas municipais de A Peneda durante dous meses (xullo e agosto) como persoal laboral temporal a xornada completa:

- 1 socorrista.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco (05) días hábiles contados a partir do día seguinte a da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso a 21 de maio de 2019.- O Alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 1475